


PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA. MUROS

Curso 2023-2024

Índice

| | |
|--|-----------|
| 1. INTEGRANTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | 3 |
| 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA | 4 |
| 2.1. <i>A contorna do Centro</i> | 4 |
| 2.2. <i>Situación lingüística do profesorado</i> | 5 |
| 2.3. <i>Situación lingüística do alumnado</i> | 6 |
| 2.4. <i>Situación lingüística do Centro</i> | 7 |
| 2.5. <i>Conclusións</i> | 8 |
| 3. OBXECTIVOS | 8 |
| 3.1. <i>Obxectivos xerais:</i> | 8 |
| 3.2. <i>Obxectivos específicos:</i> | 9 |
| 4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PROGRAMADAS | 10 |
| 4.1. Organización de concursos varios | 10 |
| 4.1.1. <i>Concursos ao redor do magosto</i> | 10 |
| 4.1.2. <i>Concurso literario</i> | 10 |
| 4.1.3. <i>Concurso de autocolantes</i> | 11 |
| 4.2. Realización dunha curtametraxe | 11 |
| 4.3. Correlingua 24 | 11 |
| 4.4. Celebración do DÍA DE ROSALÍA | 12 |
| 4.5. Día das Letras Galegas | 12 |
| 4.6. Actividades da Semana Cultural | 13 |
| 4.7. Xestión e actualización do Taboleiro da lingua | 13 |
| 4.8. Publicacións na web do IES Plurilingüe Fontexería | 14 |
| 4.9. Subscrición e adquisición de material bibliográfico | 14 |
| 4.10. Colaboracións do EDLG | 15 |
| 4.11. Palabras con Memoria | 15 |
| 4.12. O mapa dos apelidos | 17 |
| 4.13. Calendario | 17 |
| 4.14. Enquisa do uso do Galego | 18 |

1. INTEGRANTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Tal e como está estipulado no Artigo 15 do Decreto 79/2010, “*para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado, por representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e por persoal non docente.*” Xa que logo, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do centro está integrado neste curso 23/24 polas seguintes persoas:

Coordinadora:

María Jesús Abraldes Iglesias

Representantes do profesorado:

Manuela Carballude Blanco

M^a José Lago Fiúza

Berta Núñez García

M^a Belén Pais Lago

J. Luis Sacau Fontenla

M^a del Carmen Vigo Vales

Representantes do persoal non docente:

J. Antonio Picón

Representantes do alumnado:

Sara Figueiras Nieto (2 Bac)

Clara Pérez Illesca, Daniela Sande Formoso e Aday Tajés Búa (1º Bac)

Jesús García Figueroa (4º ESO)

Lara Iglesias Caamaño (3º ESO)

Xiana García Martínez e Lucía Ramos Senande (2º ESO)

Simón Balayo Sambade (1º ESO)

Contamos, ademais de co equipo da Biblioteca, coa colaboración doutros membros da comunidade educativa que desde cursos anteriores se veñen implicando de forma activa nas diferentes actividades programadas, especialmente o profesorado encargado das TIC, o Departamento de Galego, e a coordinadora de Dinamización de Igualdade; e, por suposto, coa colaboración imprescindible do noso alumnado.

A contribución destas persoas resulta necesaria para acadar resultados satisfactorios neste proxecto e para a dinamización en galego da vida cultural do Centro.

Debemos, ademais, destacar o esforzo desinteresado realizado polo profesorado, especialmente tendo en conta que, agás a coordinadora, non se beneficia de ningún tipo de redución horaria nin dispón dunha hora de reunión que permita trazar de forma conxunta as liñas de actuación deste programa.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

2.1. A contorna do Centro

O IES Plurilingüe Fontexería sitúase na parroquia de Serres, no concello de Muros (A Coruña). A oferta educativa deste centro abrangue as seguintes ensinanzas:

- Educación secundaria obrigatoria (ESO)
- Bacharelato: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais. Educación secundaria para persoas adultas (ESA)
- Ciclo formativo de grao medio: instalacións eléctricas e automáticas.
- FP Básica 1

No presente curso, a matrícula á hora de redactar este proxecto ascende a 259 estudantes (repartidos na ESO, Bac, Ciclo, FPB1 e adultos), o Claustro de profesorado, está integrado por 36 docentes, dúas persoas en conxería, unha na secretaría e tres no servizo de limpeza. O instituto recibe alumnado tanto deste concello coma do de Carnota (no nivel de bacharelato).

A contorna deste centro presenta características sociolingüísticas peculiares:

Trátase dunha área na que a fala habitual é maioritariamente o galego, mais este uso está en descenso e varía notablemente en función dos diferentes núcleos de poboación,

detectándose un maior uso do castelán no ámbito da vila de Muros (de onde procede a maior parte do noso alumnado) en comparación cos núcleos de poboación periféricos, nos que predomina o galego.

Asemade, conséntase un descenso progresivo do galego como lingua de transmisión xeracional, especialmente na vila, aínda que esta tendencia comeza a estenderse á parroquia de Serres e de xeito máis minoritario ás zonas do rural. Esta ruptura xeracional na transmisión do galego débese, sen dúbida, á existencia de prexuízos en contra da propia lingua que favorecen comportamentos diglósicos. As actitudes negativas cara á lingua son facilmente detectables entre o alumnado, especialmente na resistencia a asumir a importancia da variedade estándar e a superar a identificación de rexistro culto con castelán.

Como factor de compensación desta situación, existe na zona unha porcentaxe de familias que fan do galego a lingua inicial dos seus fillos e fillas dun xeito concienciado.

A situación do centro, afastado das principais cidades galegas, supón unha desvantaxe para desprazar o alumnado de xeito regular a actividades culturais realizadas na nosa lingua. Este factor vén incrementar a diglosia existente, posto que contribúe a seguir asociando o galego coa oralidade e os usos informais, en troques de redescubrila como unha lingua de prestixio e cultura.

2.2. Situación lingüística do profesorado

No IES Plurilingüe Fontexería imparten clase 36 docentes. A maior parte do profesorado do centro posúe unha boa competencia oral e escrita en galego e emprégao nas clases e como lingua habitual nas relacións establecidas fóra das aulas.

A implicación de boa parte do profesorado no fomento do galego maniféstase, ademais, na planificación, por parte dos distintos departamentos didácticos, de actividades orientadas ao coñecemento e valoración da lingua, a cultura e a realidade galegas.

Na contribución á dinamización lingüística, destaca tamén o papel do profesorado de linguas estranxeiras, en tanto que empregan o galego como lingua vehicular das materias de inglés e francés.

Sendo o galego a lingua empregada maioritariamente polo profesorado do Centro, agardariamos que isto funcionase como un factor positivo na escolla lingüística do alumnado e na superación dos prexuízos asociados á mesma; mais, pola contra, o número de falantes segue a diminuír, e constatamos tamén que o profesorado de nova incorporación emprega cada vez máis o castelán, o que xa empezamos a percibir coma algo negativo para a lingua galega no Centro.

Por outra parte, a aplicación do *Decreto de plurilingüismo* do ano 2010 veu coutar, en boa medida, a práctica lingüística normalizadora do noso Centro, pois dende a súa aplicación, o uso do castelán non só aumentou nas materias implicadas, senón tamén nas relacións do alumnado co profesorado das mesmas fóra da aula.

2.3. Situación lingüística do alumnado

Partindo da enquisa sociolingüística elaborada polo EDLG do centro no curso 21-22 podemos extraer a seguinte conclusión (incluída xa na Memoria correspondente):

“Nesta reflexión sobre os resultados da enquisa, e sen ter en conta os aspectos socioculturais do entorno do alumnado, queremos dende o EDLG en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega constatar un feito que nos preocupa. Se nas casas o emprego do galego segue a ser maioritario (42% no alumnado da ESO, 74,32% no alumnado de Bac e ciclos), no momento de respostar ao uso da lingua coas amizades e compañeiros-as fóra do Centro a situación cambia radicalmente.

No caso do alumnado de ciclos e bacharelato, empregan o galego coas amizades un 55% (porcentaxe xa menor que o empregado nas casas). A enquisa sinala tamén que nestes niveis o uso maioritario do castelán pasa a ser dun 9,4%, e cando se trata da relación entre compañeiros-as, o castelán pasa a un 12,1%, e o galego mantense nun 70,2%.

Aínda máis preocupantes son os resultados a nivel da ESO:

O emprego do galego nas casas baixa xa a un 42%. E cando o alumnado resposta á pregunta da lingua falada coas amizades fóra das aulas, o galego é empregado exclusivamente polo 14%, o castelán polo 22,89%, empregan máis o galego ca o castelán o 25,3% e máis o castelán o 37,35%.

No tocante á lingua falada entre compañeiros-as fóra do Centro, soamente empregan o galego o 13,25%, o castelán o 22,89%, empregan máis o galego ca o castelán o 27,71%, e máis o castelán o 36;14%

A fenda entre o galego e o castelán é aínda máis rechamante nas relacións sociais do alumnado cos compañeiros, tanto no instituto coma fóra. Eses son os datos **preocupantes** que revela o barómetro da enquisa realizada polo EDLG, onde a porcentaxe de falantes que priorizan o castelán fronte ao galego é maior tanto na vida persoal como no eido educativo. Esta **ampla fenda no alumnado máis novo, estamos a amosar unha situación claramente diglósica nunca antes observada no Centro dun xeito tan chamativo, como corroboran os datos da enquisa**. Actualmente, segundo este barómetro, a relación xa sería, por primeira vez, de predominancia do uso do castelán por parte do alumnado do Centro.

O ámbito educativo é un dos principais sectores que propician, ou deberían propiciar, a normalización lingüística. É por iso que urxe tomar medidas canto antes para revertir este proceso.

Esta será, xa que logo, a liña a seguir polo EDLG, o Departamento de Lingua Galega e a Comunidade Educativa, en xeral, de aquí en adiante.”

Un aspecto que require atención e estratexias de parte do profesorado é o que se refire aos niveis da lingua: se ben na escrita a tendencia é achegarse ao modelo estándar, no uso oral predomina un galego coloquial e dialectal moi castelanizado, mesmo cando o contexto esixe un uso máis culto.

A presenza de alumnado inmigrante é minoritaria no Centro e destaca por teren unha boa competencia na nosa lingua. Contamos, ademais, cun pequeno número de fillos de emigrantes retornados que non amosan problemas de expresión e de comprensión oral do galego, mais si dificultades no uso escrito da lingua. Continúa connosco, no grupo de adultos este curso, Lamine, o estudante do Senegal.

Cabe destacar a exclusión do galego dos ámbitos das novas tecnoloxías e dos medios audiovisuais, elementos estratéxicos que resultarían fundamentais na normalización lingüística.

2.4. Situación lingüística do Centro

A presenza do galego está normalizada nos usos formais, na documentación administrativa, no rotulado do Centro, na comunicación da dirección co alumnado e coas familias, etc.

A Biblioteca do centro desenvolve tamén un importante papel no proceso de fomento da lingua, organizando ao longo do curso actividades de difusión de autores/as e obras da nosa literatura

Observamos a alternancia do galego e do castelán no referente ás entrevistas do profesorado coas familias, e o uso predominante do galego nas actividades extraescolares.

O galego é tamén a lingua habitual doutros equipos do centro coma as TIC, das actividades complementarias e do persoal non docente, así coma na plataforma E-dixgal , na Web e na AV do Centro

2.5. Conclusións

Á vista dos datos expostos, podemos tirar dúas conclusións que xustifican as nosas liñas de actuación:

- Entre o alumnado obsérvase a tendencia xeral de abandono do uso do galego, así coma unha diminución da súa competencia lingüística, fundamentalmente no uso oral da lingua.

Existen tendencias sociais negativas cara á lingua, tanto entre os falantes de castelán como de galego: segue a diminuír a transmisión xeracional da lingua, persisten prexuízos de vello e xorden outros novos coma os usos rituais da nosa lingua.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais:

- Potenciar o uso do galego na comunidade educativa e favorecer actitudes positivas que se traduzan nunha progresiva superación de prexuízos lingüísticos.
- Programar, planificar e desenvolver as actividades para o fomento e dinamización da lingua.
- Potenciar o uso da lingua galega como instrumento normal de comunicación en todos os contextos da vida académica e persoal.
- Fomentar unha valoración positiva do galego para a superación progresiva dos prexuízos lingüísticos e dos comportamentos diglósicos en toda a comunidade

educativa.

3.2 Obxectivos específicos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado, especialmente da lingua oral.
- Facilitar a información necesaria sobre o correcto uso do galego que poida ser solicitada por calquera membro da comunidade educativa e ofrecer apoio para a revisión de documentos a fin de que acadar a súa corrección lingüística.
- Consolidar a lingua galega como lingua vehicular da docencia, impulsando a súa presenza nas diferentes áreas curriculares e, en xeral, na vida do Centro.
- Valorar a riqueza cultural que supón ter unha lingua e unha cultura de noso no contexto plurilingüe do mundo.
- Valorar e estudar a cultura da zona: o patrimonio, o léxico, a literatura... Promover a lectura, a creación e divulgación en galego.
- Conseguir para a nosa lingua máis funcións sociais, promovendo unha visión útil e moderna da mesma.
- Aumentar o número de falantes de galego na comunidade escolar, e posibilitar que as persoas neofalantes se atopen satisfeitas co cambio de lingua.
- Garantir os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes.
- Dar a coñecer modelos que seguir entre as persoas que se expresan na nosa lingua e pertencen ao campo da ciencia, das artes, do deporte, da música...
- Promover o uso activo do galego nas novas tecnoloxías.
- Implicar activamente toda a comunidade escolar no proceso de dinamización e normalización lingüística.
- Promover entre as familias o valor da relación en galego cos seus fillos/as. Impulsar dinámicas de traballo activas e en equipo relacionadas coa nosa lingua.
- Proxectar cara ao exterior a imaxe dun centro normalizador e normalizado no ámbito da lingua galega.

- Informar e concienciar sobre a situación sociolingüística, provocando na comunidade escolar a reflexión sobre a situación de desigualdade na que se encontra a nosa lingua.

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PROGRAMADAS

A continuación, indícanse as actividades do EDLG previstas para o presente curso académico.

4.1. Organización de concursos varios

O principal obxectivo desta actividade é motivar a participación do alumnado en concursos que promovan o uso da lingua galega dende un punto de vista creativo.

4.1.1 Concursos ao redor do magosto

Continuando coa actividade iniciada hai cinco cursos, convocaremos una nova edición destes concursos, que se farán coincidir, se o tempo o permite, coa celebración do Magosto no Centro. O concurso terá tanto formato de vídeo (as producións serán colgadas na web do Centro). O EDLG pensa retomar o concurso de “Sobremesas do magosto” que na pasada edición quedou deserto por falta de participación.

O obxectivo destas actividades é fomentar a participación colectiva, preservar e valorar o noso patrimonio gastronómico e enriquecer o vocabulario relacionado cos alimentos, xa que as receitas presentadas acompañaranse do texto escrito co proceso de elaboración das mesmas.

- *Período:* primeiro trimestre
- *Colaboración:* Biblioteca, Departamento de plástica, Lingua Galega e Dinamización das TIC.
- *Destinatarios:* a comunidade educativa.
- *Material:* cartaz impreso e web

4.1.2 Concurso literario

Co fin de promover a creación literaria en galego, o EDLG ten previsto convocar de novo o Certame “Dígocho con (des)amor”: concurso de cartas/relatos breves entre todo o alumnado do centro, coincidindo coa data de San Valentín, polo que a temática será o amor en toda a súa expresión.

- *Período:* segundo trimestre.
- *Colaboración:* Departamento de Galego.
- *Destinatarios:* todo alumnado.
- *Material:* impreso, textos dixitais e material bibliográfico como premio do concurso.

Os textos premiados serán publicados na páxina web do Centro.

4.1.3 Concurso de autocolantes

Outra proposta que tentaremos desenvolver ao longo do curso e en diversas convocatorias coincidindo coas datas sinaladas. Os deseños máis orixinais serían imprimidos a modo de autocolantes para decorar libretas, carpetas, axendas... co que pretendemos motivar a creatividade do alumnado.

- *Período:* ao longo do curso.
- *Destinatarios:* todo o alumnado
- *Material:* impreso

4.2. Realización dunha curtametraxe

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, temos a intención de realizar unha curtametraxe contando coa colaboración de todo o alumnado que queira. O guión estará relacionado coa vida e obra de **Luisa Villalta**, homenaxeada este ano no Día das Letras galegas. Consideramos que é unha actividade moi interesante tendo en conta a escasa presenza do galego no ámbito audiovisual.

- *Período:* ao longo do curso.
- *Colaboración:* Departamento de Galego e Dinamización das TIC.
- *Destinatarios:* alumnado do Centro
- *Material:* equipo informático/dispositivos móbiles.

4.3. Correlingua 24

Este curso temos proxectado repetir a participación no Correlingua. Á hora de redactar

este proxecto aínda non están publicadas nen datas nen convocatorias, polo que non podemos indicalas.

Supoñemos que, coma en edicións anteriores, haberá que elaborar un manifesto, para o que contaremos coa colaboración do Departamento de Galego.

- *Período:* sen concretar.
- *Colaboración:* Departamentos de Galego e Educación Física.
- *Destinatarios:* Toda a comunidade educativa
- *Material:* impreso e gráfico

4.4. Celebración do DÍA DE ROSALÍA

Co gallo do 188 aniversario do nacemento de Rosalía, levaremos a cabo distintas actividades para difundir a obra e o pensamento desta escritora imprescindible nas nosas letras. Están previstas as seguintes actividades:

- Lectura pública de poemas da autora por parte do profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Participación nas actividades que para tal data propoña a AELG, ben sexa sumándonos a elas, ben adaptando as propostas Segundo consideremos dende este EDLG

- *Período:* mes de febreiro.
- *Colaboración:* Departamento de Galego, Comisión de Dinamización de Igualdade.
- *Destinatarios:* toda a comunidade educativa.
- *Material:* impreso, informático e material bibliográfico.

4.5. Día das Letras Galegas

Desenvolveranse diferentes actividades conmemorativas, aínda en fase de deseño, co obxectivo de dar a coñecer, homenaxear e pór en valor a unha das nosas escritoras máis Sobranceiras: Luisa Villalta.

- *Período:* Semana das Letras Galegas (mes de maio de 2024).
- *Colaboración:* Departamento de Galego.
- *Destinatarios:* Comunidade educativa.
- *Material:* Impreso, informático e dotación económica necesaria para a realización das actividades e a adquisición de material bibliográfico.

4.6. Actividades da Semana Cultural

O EDLG intégrase na comisión organizadora da Semana Cultural, actividade tradicional e de gran relevancia no Centro, na que participan os distintos Departamentos, o alumnado e o resto da comunidade educativa. Á hora de redactar este Proxecto, a temática desta edición aínda está por determinar.

Por parte do EDLG, están previstas as seguintes actividades, se poden ser levadas a cabo:

- Publicación dos traballos realizados polo alumnado para participar no certame As Imaxes do Patrimonio. O EDLG pretende maquetar e publicar estes traballos nun libriño que pase a formar parte do patrimonio do Centro.
- Presenza dalgunha figura representativa da literatura galega. Na medida do posible, procuraremos que o alumnado teña lido a súa obra.
- Sesión de contacontos, co obxectivo de achegar ao alumnado a tradición da literatura oral na nosa lingua.
- Proxección de filmes e curtametraxes galegos e en galego.
- Talleres e charlas sobre temas relacionados coa cultura galega e a sociolingüística. Procuramos solicitar a colaboración de persoas e asociacións que coa súa intervención sensibilicen e conciencien á comunidade educativa sobre a importancia de usar o galego.

Este tipo de actividades non poden ser detalladas con antelación, xa que se van concretando ao longo do curso escolar escolar.

- *Período:* 18-22 de marzo
- *Colaboración:* Departamento de Galego.
- *Destinatarios:* Comunidade educativa.

4.7. Xestión e actualización do *Taboleiro da lingua*

Continuamos con esta actividade que xa é un clásico deste EDLG. Situado na primeira planta, no corredor polo que pasa a maioría do alumnado, o obxectivo principal deste espazo é facilitar información relacionadas co galego: información de cuestións

sociolingüísticas, noticias, artigos de opinión, novidades editoriais, convocatorias de concursos e certames... Estamos a estudar a posibilidade de cambio de ubicación deste taboleiro unha vez que rematen as obras de remodelación integral do Centro.

O noso Taboleiro, continúa a teren a **súa versión dixital** iniciada coa pandemia, e que actualizamos mensualmente na Web do Centro cada mes

- *Período:* Todo o curso.
- *Destinatarios:* comunidade educativa.
- *Material:* Impreso e informático

4.8. Publicacións na web do IES Plurilingüe Fontexería

Modalidades de publicacións na web: Estarán enfocadas a dous aspectos:

- **Homenaxes:** iremos completando este apartado con traballos sobre persoeiros homenaxeados
- **Reportaxes e memorias:** o obxectivo é a creación dunha publicación con crónicas en imaxes (fotografías e vídeos) e textos sobre as actividades, viaxes etc. de todo tipo que se realizan ao longo do curso.

Neste curso 23-24 continuamos co enlace na Aula Virtual do Centro,

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfontexeria/aulavirtual/course/view.php?id=83>

[9](#)

e co enderezo electrónico **edlgfontexeria@gmail.com**

Nese recuncho recibiranse os traballos/actividades propostas polo EDLG nos diferentes concursos/convocatorias.

- *Período:* Todo o curso académico.
- *Colaboración:* Departamento Galego, Biblioteca
- *Destinatarios:* Comunidade educativa.
- *Material:* Informático.

4.9. Subscrición e adquisición de material bibliográfico

Coma en anos anteriores, o EDLG ten previsto seguir adquirindo material bibliográfico relacionado coa normalización lingüística. Mercaremos tamén exemplares de novidades

en banda deseñada, para atraer ao alumnado máis novo, que é, como se desprende dos resultados da enquisa do Uso do Galego do curso pasado, o que presenta maior dificultade para o emprego da nosa lingua. O EDLG continuará neste curso coa subscrición á Mesa Pola Normalización.

- *Período:* Todo o curso.
- *Colaboración:* Departamento de Galego, Equipo da Biblioteca
- *Destinatarios:* Comunidade educativa.
- *Material:* Bibliográfico.

4.10. Colaboracións do EDLG

Desenvólvese diversas modalidades de colaboración:

- Colaboración cos departamentos didácticos do Centro. Trátase de brindar apoio puntual en cuestión relacionadas coa práctica da docencia en galego.
 - Colaboración coa Biblioteca do Centro, en todas aquelas actividades que se leven a cabo e teñan que ver coas linguas en xeral.
 - Colaboración, como vén sendo habitual, na organización de distintas actividades e iniciativas do centro que empregan e promoven o uso do galego: Samaín, Magosto, Entroido, Día da Paz, Día da Muller Traballadora, Día contra a Violencia de Xénero... de maneira directa ou telemática.
 - O Departamento de Galego propón neste curso darlle nome de autoras galegas ás aulas do Centro. A Actividade levaría o título de “**Mulleres de noso**”
 - Colaboración co Departamento de Galego na participación, de se convocaren, por sétimo ano, no certame **As Imaxes do Patrimonio** da asociación Ponte...nas Ondas
- *Período:* Primeiro e Terceiro trimestre
 - *Colaboración:* Departamento de Galego
 - *Destinatarios:* Grupo (s) aínda por determinar
 - *Material:* Informático e impreso.

4.11. Palabras con Memoria

Tentaremos este ano levar a cabo un traballo de investigación sobre léxico da zona que se perde co paso do tempo. Aproveitando a convocatoria da *aelg* “**Palabras con Memoria**” temos previsto como no curso pasado, implicar ao alumnado e familias, de

xeito máis directo, pedindo a colaboración nas aulas. Nos cursos pasados, ao colocar nos corredores, aulas, sala de profesorado, cafetería, biblioteca, secretaría, conserxería... espazos para a recollida libre do léxico, a actividade non resultou tal e coma estaba plantexada. Pretendiamos que o alumnado poidera investigar na casa, (preguntando aos diferentes membros da familia, para traballar coas distintas xeracións...) Dada a posible falla de tempo para rematar o traballo neste ano, esta actividade está contemplada de maneira plurianual. Propoñemos dúas modalidades para a recollida dos termos:

- Resposta a un cuestionario nas casas, que o alumnado anotará no taboleiro habilitado na Aula Virtual
- Pequeño vídeo coa explicación directa do termo. Os vídeos serían enviados ao correo do EDLG

Entre os obxectivos desta actividade, que nos interesa especialmente sacar adiante están:

- Coñecer os procesos de transmisión cultural.
Promover o traballo colaborativo.
 - Promover a interacción coas xeracións maiores e o respecto polo saber transmitido.
 - Estimular a adquisición de actitudes de respecto e valorización do patrimonio tradicional.
 - Incentivar a relación e o coñecemento do medio social e cultural.
Inculcar o respecto polas variedades lingüísticas.
-
- *Período:* Plurianual:
 - *Colaboración:* Departamento de Galego e Equipo de Biblioteca
 - *Destinatarios:* Comunidade educativa e familias.
 - *Material:* Impreso e informático

4.12 O mapa dos apelidos

Neste curso 23-24 pretendemos elaborar un mapa virtual, situando xeográficamente os apelidos do alumnado. Se a actividade resulta atraínte, pasará a ter unha periodicidade plurianual.

A idea do mapa dos apelidos xurdiu dunha conversa co professor Pepe Sacau na biblioteca o curso pasado, Veremos neste ano como traballar e desenrolar esa actividade.

- *Período:* Plurianual:
- *Colaboración:* Departamentos de Galego, Matemáticas e Equipo de Biblioteca
- *Destinatarios:* Comunidade educativa e familias.
- *Material:* Impreso e informático

4.13 Calendario

Continuaremos durante este curso 23-24 coa realización do calendario mensual.

Esta actividade comezou no mes de xaneiro de 2023 e rematará cun novo formato no mes de xuño 24, tendo polo tanto continuidade en dous cursos escolares. Pretendemos seguir coa mesma actividade, introducindo pequenas variacións.

- *Período:* Plurianual: primeiro trimestre do curso 23-24 na primeira parte e durante os meses lectivos de 2024 nunha segunda fase
- *Destinatarios:* Comunidade educativa.
- *Material:* Informático e impreso.

4.14 Enquisa do uso do Galego

Para completar os datos obtidos no curso pasado, este EDLG vai realizar a enquisa ao alumnado de 1º ESO que se incorpora este ano ao noso Centro. Se así o consideramos, miraremos de repetila tamén entre o profesorado, axustando as preguntas con respecto á realizada anteriormente.

- *Período:* primeiro trimestre do curso
- *Destinatarios:* alumnado de 1º da ESO
- *Material:* Plataforma E-dixgal

A realización das actividades programadas para este curso estará suxeita ao orzamento asignado

Muros, a 9 de outubro de 2023

Vº e Prace,

A Directora


María José Gaute Rivas


A coordinadora do EDLG

Mª Jesús Abraldes Iglesias